

Informe - proposta

Con data 19/04/2016 mediante incoación do concelleiro delegado de Cultura as Bases procédese ao inicio do expediente para a redacción das bases que rexerán os dous obradoiros de artes escénicas e a súa convocatoria e que se desenvolverán dentro do programa "Fóra do Mapa".

Segundo consta no expediente, as bases foron publicadas na web do Concello (sede electrónica-Taboleiro de anuncios) e no Taboleiro de edictos do rexistro xeral municipal o día 25/04/2016.

O período de inscrición foi dende os días 26 de abril ata o día 6 de maio, e neste prazo os grupos non foron completados ata o número máximo establecido nas bases (10 persoas) xa que as persoas que podían estar interesadas nestes obradoiros están fóra da comarca ou incluso da provincia por motivos de traballo.

Á vista do anterior e ante a demanda cidadá o Concelleiro delegado de Cultura propón o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a ampliación de prazo por un período de catro (4) días contados a partir da sinatura desta resolución. O prazo rematará o día 14 de maio de 2016 e será publicada na páxina web do Concello [www.ferrol.es](http://www.ferrol.es) (taboleiro de anuncios).

Segundo.- Unha vez elaborada a listaxe de persoas admitidas nos dous prazos habilitados para a inscrición, será publicada na páxina web do Concello [www.ferrol.es](http://www.ferrol.es) (taboleiro de anuncios).

Ferrol, 9 de maio de 2016

A xefa de Sección de Cultura e Turismo, A xefa do negociado de Cultura, O concelleiro de Cultura,

Laura López González

Dolores Ameneiro Pena

Jesús Basterrechea López

**Decreto.-** Vista a anterior proposta apróboa nos seus termos.

Así o manda e asina o concelleiro delegado titular da Área de Cultura, Educación, Deporte e Turismo, por delegación da alcaldía de data 29 de xuño de 2015 (BOP 09/07/2015). en Ferrol

O concelleiro delegado titular da Área de Cultura, Educación, Deporte e Turismo,

O secretario xeral,

Bruno José Díaz Doce

10 MAI 2016